

Ciencias Naturais

Tema 3 A Reprodución

Coloca os números do 1 ao 4 para ordenar o percorrido que realizan os espermatozoides dende o órgano onde se fabrican ata que saen ao exterior.

- ☐ Os espermatozoides chegan ao pene.
- ☐ Os testículos fabrican constantemente espermatozoides.
- ☐ Os espermatozoides circulan polos condutos deferentes axudados por un líquido fabricado pola próstata.
- ☐ A uretra conduce os espermatozoides fóra do corpo do home.

Une cales son as funcións que realizan o aparato reprodutor feminino e masculino.

Aparato reprodutor feminino

Aparato reprodutor masculino

• Protexer e alimentar o novo ser

• Fecundar o óvulo

• Producir óvulos

• Producir espermatozoides

Indica se as afirmacións son verdadeiras (V) ou Falsas (F).

- ☐ Se o óvulo non é fecundado fórmase un embrión e posteriormente iníciase o embarazo.
- ☐ Durante a menstruación, un óvulo despréndese e arrastra case toda a parede interior do útero.
- ☐ O ciclo reprodutor feminino iníciase coa ovulación.
- ☐ O ciclo reprodutor feminino ten lugar cada 15 días.
- ☐ Durante a ovulación libérase un óvulo do ovario.

